

Vinte propostas ás Administracións Públicas para a atención do Dano Cerebral durante a crise da COVID-19

A actual crise do COVID-19 está supoñendo graves problemas para os colectivos vulnerables. Un deles son as persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias, que non deben ser un colectivo esquecido na xestión desta crise. Por iso, o movemento asociativo do dano cerebral adquirido, representado en Galicia por FEGADACE, propón aos Gobernos e Administracións locais, autonómicas e central as seguintes medidas para previr situacións de inxustiza social e de complicacións sociosanitarias:

1. Realizar campañas coas que **concienciar á poboación de acudir a tempo aos centros sanitarios**, sen temor a contaxio, ante unha situación de urxencia sanitaria debida a un ictus, un traumatismo craneoencefálico, un tumor cerebral, unha anoxia ou outra infección cerebral.
2. Solicitudade ao Ministerio de Servizos Sociais e Axenda 2030 de habilitar **medidas de “emerxencia social” para as persoas con dano cerebral cuxa persoa cuidadora principal estea hospitalizada**, enferma ou teña falecido por COVID-19.
3. **Garantir que as altas hospitalarias en fase subaguda do dano cerebral se axusten ás necesidades reais** das e dos pacientes. Hai constancia de que, perante a necesidade de camas, estase enviando ás persoas ás súas casas antes de que finalice o período habitual de rehabilitación tras un ictus, un traumatismo craneoencefálico, un tumor cerebral ou outras causas que provocan Dano Cerebral.
4. **Incorporar medidas para a necesaria rehabilitación física e/ou cognitiva** en casos de persoas recentemente accidentadas ou que tiveron un ictus recentemente e que foron dadas de alta hospitalaria sen ningún proceso de seguimento. O adecuado tratamento da fase subaguda é crítico para a rehabilitación dunha persoa con dano cerebral.
5. **Recoñecemento das persoas con dano cerebral como colectivo de alto risco** polas súas características e múltiples secuelas, así como as súas grandes necesidades de apoio. Unha vez cubertas as necesidades do persoal sanitario en hospitais e UCIs, débese asegurar o abastecemento de material de protección individual a profesionais da atención ao dano cerebral, ás persoas con dano cerebral e ás súas familias.
6. Incorporar canto antes **medidas de rehabilitación física e/ou cognitiva en persoas maiores con dano cerebral sen acceso a medios telemáticos**. Nestes casos o illamento pode provocar que estas persoas non reciban estimulación de ningún tipo polo que o deterioro cognitivo e motórico resultante vai ser grave.
7. Complementar a medida anterior coa **cesión temporal de medios técnicos** (wifi, teléfonos móbiles, tablets...) que permitan a teleasistencia daquelas persoas con dano cerebral illadas sen familiares e sen acceso a medios telemáticos.

8. Garantir aos Centros Residenciais e Centros de Atención Diúrna o **forneceamento de EPIs, de material de desinfección e de medicación** habitual ou puntual das persoas usuarias. Realizarase en instalacións do Movemento Asociativo do Dano Cerebral cando o Goberno o permita e na contorna domiciliaria cando sexa preciso para persoas con dano cerebral.
9. Elaborar **protocolos claros de actuación en caso de contaxio** que teñan en conta o manexo das persoas con alteracións de conduta.
10. Garantir o dereito á vida e á saúde das persoas con dano cerebral. Promulgar o **achegamento ao colectivo en igualdade de condicións e baixo a premisa de non discriminación** por razón de discapacidade; ser parte dos colectivos prioritarios en atención e seguimento sanitario.
11. Creación **dunha bolsa de traballadoras e traballadores do ámbito social para a eventual substitución de profesionais en situación de corentena**.
12. Xerar **mecanismos de apoio aos Centros de Atención ao Dano Cerebral e ás persoas que traballan neles** para non poñer en perigo de viabilidade a saúde das persoas con dano cerebral e das súas familias, nin tampouco prexudicar aos equipos profesionais que as atenden.
13. Prestar **servizos de compra, limpeza e apoio en atención domiciliaria** ás persoas con dano cerebral de maior risco.
14. As **prestacións transitorias da Seguridade Social** destinadas a nais e pais que deben permanecer no seu domicilio ao coidado das súas fillas e fillos polo peche dos colexios deben **estenderse ás familias de persoas adultas con discapacidade afectadas polo peche dos centros de atención á discapacidade**.
15. Perante o uso de **hoteis** como espazos sanitarios onde atender a persoas con COVID-19, sinalar que **a accesibilidade destes lugares debería ser un criterio a ter en conta** para atender a persoas con dano cerebral nos mesmos.

En canto á situación das Entidades Sociais do Movemento Asociativo de Persoas con Dano Cerebral e as súas Familias, demostraron e están demostrando durante esta crise ser un soporte fundamental para as persoas con dano cerebral e para as súas cuidadoras. Por iso faise imprescindible asegurar a súa continuidade como tecido social. Neste sentido é fundamental asegurar o seu financiamento adecuado, adoptando as seguintes medidas:

1. **Manter o importe íntegro dos concertos** sen reducións pese á non utilización de prazas por situacións alleas ás entidades e derivadas do estrito cumprimento das instrucións derivadas do actual estado de alarma e outras ditadas polas autoridades territoriais.
2. Crear **liñas de axudas para entidades que prestan servizos non concertados para manter a atención unha vez superado o estado de alarma**, mitigando o impacto dos ERTes e doutras situacións derivadas da actual crise.

FEGADACE. Federación Galega de Dano Cerebral

Rúa Galeras, 7, 2º Andar – Despacho 5 • Santiago de Compostela • 659 177 709 • 654 866 967
fegadace@fegadace.org • www.fegadace.org • [facebook.com/Fegadace Galicia](https://facebook.com/FegadaceGalicia) • [@fegadacegalicia](https://twitter.com/fegadacegalicia)



3. Modificar as condicións das axudas concedidas facilitando a **ampliación de prazos de execución, a revisión de obxectivos e a admisión como gastos financiados** de cancelacións e outros causados por esta situación.
4. Dotar de financiamento o **desenvolvemento de servizos de atención domiciliaria** cos que prestar apoio e respiro ás familias de persoas con dano cerebral que permanecen confinadas.
5. **Compromiso político co Movemento Asociativo de Dano Cerebral**, tanto no contexto actual como unha vez que finalice o Estado de Alarma.

Ao longo da crise do COVID-19, o Movemento Asociativo de Dano Cerebral artellado en torno a FEGADACE -e a FEDACE a nivel estatal- traballou e seguirá traballando xunto ao Goberno e as súas Administracións para aportar solucións que axuden a superar esta pandemia.

A Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE) constitúese en maio de 2007 polas cinco asociacións galegas de dano cerebral adquirido (ADACECO na Coruña, ADACE en Lugo, Alento en Vigo, Renacer en Ourense e Sarela en Santiago). Representa a máis de 1.700 familias de persoas con dano cerebral adquirido, unha discapacidade causada sobre todo por ictus, pero tamén por accidentes de coche, anoxias, e outras causas.